

# A·N·OSA·TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, l'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adiantados

Redaición e Administración: REGO D'AUGA, 38, 1.<sup>o</sup>

Número 52

A CRUÑA 20 DE ABRIL DE 1918

## O REPARTO D'OS CONSUMOS EN SADA

## BULRA SANGUENTA D'OS CACIQUES

CON motivo do reparto de Consumos, non fai moitas datas qu'os veciños de Sada viñeron en impoñente manifestazón á Cruña a lle pedire xustiza ás autoridaes ademestrativas. Pormetéuselles atendelos nas súas xustas petizóns, i en efecto, o siñor ademestrador de Propiedades e Impostos acordou a nulidade do reparto portestado, e dispuxo a conseízon d'outro mais axeitado ás regras d'unha estrita equidade.

Mais os caciques que non podían deixare fuxir das mans isa sua poderosa arma dos Consumos, que non debían consentire que ficaran sin ise castigo os que negáranlle o voto, baraxaron homes e calaron concencias, e ríndose das autoridaes xerárquicas e pulando por enriba das leies ademestrativas, conqueriron o sairen co-a sua.

No novo i equitativo repartimento de Consumos eisposto n'actualidade ó público, non soio aparecen fixadas a centeares de contribuyentes as mesmas cuotas causantes das portestas, sinon qu'agora AINDA FORON RECARREGADAS CON MAOR CANTIDA-

DE qu'as qué lles puxeran no reparto anulado.

A bulra foi sanguenta. Bulra qu'é un reto ó pobo de Sada, que moi ben puidera traquer funestas consecuencias. Portestaron en nome da xustiza, e os encarregados d'adestratal-a non soio calaron, qu'o mal sería menos, sinon que faguéndose solidarios ou

### UNHAS PERGUNTAS

### POLÍTICA DEMOCRÁTICA

*E certo, como oímos dicire, que o campo experimental agrícola de Santiago, que paga o Estado, está n'unha finca cercada do Sr. Romero Donallo, o de Vedra, n'outra de D. Casimiro Torre, o de Teixeiro, n'outra do señor Sánchez Anido, o da Baña, n'outra do Sr. Amigo, diputado provincial?*

*E certo que os labregos coase non saben da eisistencia d'estos campos nin reciben d'eles beneficios?*

*Conviña moito que chegasen as perguntas anteriores a mans do Ministro de Fomento.*

maniqueis dos noxentos ditadores donos de vidas e facendas, deixaron pasare por outo as leies qu'istos ditan, como si o noso labrego fora un escravo mercado ó negreiro, e non un ceibe cidadán en preno século XX.

A i-alma mais cativa, o espírito mais probe, ten que sentir pulos de rebeldía, e ansias de redenzón. A presión, a tiranía d'istos modernos sifioróns de forca e coitelos, dinos émulos d'aquiles d'antano, van apurando co-a sua indómita soberbia a pacencia labrega, e o labrego propárase constituindo

Sociedaes de Defensa pra dal-a derradeira batida.

Apreixen os caciques, apreixen, que tanto mais forte o fagan, mais axiña perderán os pedestaes en qu'érquense soberbios e mandarins, sostidos por unha xustiza falsa, mentireira, por unha xustiza que ó non cumprir como debe, ten outra mais suprema por enriba sua: o pobo.

Tendo en conta a calma con qu'o labrego se asocia, e os moitos qu'ainda non déronse conta de que n'iso pende a sua libertade, teñen razón os caciques en asoballalos, fan ben en escarnecelos e tratálos como a escravos, porqu'era mèster qu'a opresión e a tiranía fora tanta, tan forte e aldraxante, qu'o labrego d'aquela decatárase de qu'a unión trai a forza, e que ben orgaizados rebeláranse contr'os tiráns, e qu'ó afogare as suas portestas en sangue, non fora en caños illados como acontece agora, sinon que fixeran de Galicia enteira, un Narón, un Nebra, calquer cousa, mais denantes qu'escravos, mortos.

### CADRO BRANCO

O Sr. Lago González bispo de Tuy, un dos prelados de maior talento de España, á unha comisión de galeguistas que foi saudalo n'Ourense, encarecéulle o emprego do idioma galego no confesonario, coma medio de traballar polo rexurdimento das enerxías de Galicia.

Temos que facer chegar a todas partes iste xeito patriótico do Sr. Lago González.

### CADRO MOURO

El Imparcial de Gasset, iste xornal orgo do vello centralismo, compretamente descretado, que foi un dos mais culpabres da perda das colonias e que defende a política causante das tragedias de Nebra, é o único de Madrid que atopou malo o derradeiro discurso de Cambó no Congreso.

E a El Imparcial fixéronlle coro La Voz de Galicia e El Orzán, boletín riestrista-idóneo agarimado por algúns sindicalistas cruceiros.

## FOLLAS NOVAS

## FALA O PADRIÑO

Veño de lér xuntas e formando libro, as poesías de Antonio Valcárce. Moitas d'elas foron nádas diante dos meus ollos. Entre sorbo e sorbo de café o autor esplanaba un asunto poético:

—Agarda un pouco—decíame; e, mentras eu cavilaba nas consecuencias da suba das patacas e en botar a pirixel ás miñas macetas de carabeles procurando unha axuda para a vida, cata ahí o poeta amostrándome trunfal uns lindos versos, tirados á somude dos miolos, co-a mesma desenvoltura e tan doadamente coma quen manda memorias para a familia n-unha esquela.

¡E coidarán moitos que esto de facer versos e tan simple como facer asubiar un chifro de feira! Eu nunca os fixen, porque non fui capaz, e de algunha vez que o to-

POESÍAS  
DE  
ANTONIO VALCÁRCEL

c'un prólogo de Marcelo Macias

1918

mei de empeño, saíume unha cousa á modo de lista de lavandeira. (Gurdádeme o segredo).

Metinme no libro, e foi coma si me adentrara n-unha devesa brava, n'un hédramo de ideas lostregueantes e de maximacións de lumes cegadores que me barreran a vista e-o sentido; salio agora ó descuberto como quen sai de un soño, co-a cabeza quente, abofellas. Esto quér decir que o libro fixome sentir e fixome pensar; ja míñ que son aspro e teixo coma un xardón, e un toxo arnal n'unha peza; tan apegado á prosa que non creo nin espero en cousa algúnhia senón n-a que teño entr'as poutas, ben agarrada, e que cavilo a veces no ben que faría á Hirmandade o inventor d'unha lira de manubrio, que aforrase tanto traballo ós innúmeros poetas que hoxe a «pulsan» de ouvido ou por cifra! ¡Qué lindos versos faríamos sén más traballo que o de darlle ó veo! Si en míñ, digo, causóu tal impresión o novo libro, ¿qué non fará pensar e sentir a un espíritu delicado e sensibre?

Cómpreme sólo expresar o efecto; non teño a misión de facel-a crítica. Son ainda más amigo que curmán de Antonio Valcárce, e os meus xuicios poderian ser chatacos de parciaes.

Para míñ estos versos son un tesouro atopado n-unha ola de barro, gracias a certos meigallos feitos pol-a pauta do libro de San Ciprián. Sei que tén doas d'ouro e pedras preciosas; sei que é cousa de moiísimo mérito; mais non podo precisal-a cuantía porque ainda non tiven lecer e acougo pra facel o inventario de tanta riqueza.

¡Quén lles da creto ós poetas! Dempóis de que nos meten o ánimo n-un puño falando de saudades e doores, movéndonos á piedade e á melancolia, maxinamos que o autor será algún éteco caído do ollo do Sol en baixo, co-o cabelo longo e partido ó medio, lambido de unha vaca, mantido con suspiros de monxa, cacarañado e comestido picapau. . . Tirádelle do xenio á Antonio Valcárce, e si non arrinca un carballo cóma eu unha vara das hervellas, que me fuxa o demo mil veces renegado! Forte, rexo, colorado e ledo, que xoga a trazar versos cando se farta de escribir de economía e de finanzas, o día que lle pete facer

en serio poesías, vai-as facer de xeito que terán sona perdurable, e eu roume acreditar de profeta. Non é home Antonio Valcárce de deixarme quedar mal en ningures.

\* \*

Pedinlle ó autor que me fixese a mercede de deixarme ser padriño d'estes versos, que fixo como unha enredada, por brinca-deira, por virme acaído, sendo eu testigo presencial, como teño dito, do nascemento dos máis d'eles. As miñas pecadoras mans non podían rescribiren más honra que a de termaren d'eles diante da pía. Outras, santas e sabias, de sacerdote e de príncipe das letras, botáronnolos—como xa víchedes—as augas bautismaes.

Decátome agora de que lles non puxen nome—primordial obriga de todo fiel padriño—. ¿Qué nome lles poñeremos? Deixáremolas en «Poesías de Antonio Valcárce»? Mais val así, pois sendo en míñ infalible o trasacordo, librone do remorso de atopar outro que se lles acaíse mellor.

Espero que xa que non tiven arte para nomealas, sexan por vos, lectores, adxetivadas co-o mais xentil dos calificativos.

JOSÉ IGLESIAS ROURA.

## Minas en vexas

Os homes envexo que nascen humildes... Nasceron honrados sobre limpa fiaza, baixo un teito nobre que o sol das campás meirúa brilando co-a sua luz más branca... Humildes nasceron. A sua vida váise na benta pas d'oce que se ve esmaltada nos muros albeiros que fan ó arboredo finxir unha boca de risa fantástica, c'os labres informes dos craros da fronda, que perfian-a, albura de ledas moradas...

De can é o seu leito, sin torpe molicie. Seu sono é reposo; seu reposo é calma, e o seu sér broncineo de sangue herculino, é tronco de unha albre que non da follasca. ¡Os homes envexo que nascen humildes! Na sua carne, recios, pacíficos de alma, os homes humildes, ignaros e rústicos, sin febres de odio, sua vida dilatan, cal corre o regato falangueiro e dócil, espello da outura c'o vidro das augas, co-a sua doce linfa, vital nutrimento, pureza subrime baixando dende a áspéra altaiva serra onde se pouzan as neves pol-o ceio ceibas, purísimas, castas. Do sol a carreira gobernalle as horas, ás vidas de doces mornenzas arcádicas, que son pra nosoutros eisvotos meigueiros da idade ditosa sin ferro nin anseas.... O sol mañaneiro que irida os alxófares, effímero rastro da noite azulada; o sol que no ocaso, lucindo cal luce mirar derradeiro, na tarde se apaga; o sol que, no fondo da copa invertida dos ceios, debulla, da lus de ouro e nácar, pingotas brillantes de un néctar lumioso que é chuvia de vida, no mundo escaniada por unha man nobre que iñora os linaxes; o sol, na sua outura de rei, meridiana, ten o sortilexo das horas, e aviva, e mide e conduce, goberna i-encalma a vida apacible da xente homildosa: ¡vivir que resoa co-a mísica da alma da terra, feita himno!, ¡vivir-pensamento que ó chan dende as frentes cai cal chuvia mansa!

Pr'o campo, ¿qué valen as torpes acuicias dainxente cibdade, mortífera, insana? O rústico quere mellor o pan de ouro, e das puras fontes a linfa de prata, que todol-os dones cativos, noxentos, do pra eles ignoto vivir da urbe fátna. ¡Os homes envexo que nascen humildes!, que fan sentimento do seu sér, na právida pas benta e subrime que envolve as campás como unha impalpable mañifica gasa tecida con febras da lus de diamante que o sol verte á eito dos agros no alcázar. Os homes envexo que viven a vida no bie, solema, na eterna mirada de ceios e terras; que ali se desposa a efímera carne co-a pas da libre alma.... ¡Vivide convosco! subrimes escravos, ilotas ilustres, vivide a hora casta que os tempos vos prestan! ¡Vivide convosco! Morade a tranquía mansión maiestática que os campos vos donan, cal templo en que tedes vós o sacerdocio! Gardade a iñorada pureza subrime das neves albeiras que, nos outos cumes con que o chan se lanza altivo hasta os ceios, enxendran a linfa que fai dos regatos espellos que cantan.... Vivide ambiciosos a força, a enerxía que sin cencia dades ás urbes sin alma.... Vivide vosoutros. ¡E un día, valentes, chegade hasta as urbes, ó pe da rugalla, i-enérxicos, recios, robustos, hercúleos, rompédelle os díoses á golpes de aixada! Dictade, barudos, a lei do traballo, esencia divina que alenta na santa humilde obediencia que fai que nos homes o mundo contémpre ruín fato de parias, namentras vosoutros, sufrindo en silenzio, heroismo facedes da pas de unha raza.... ¡Os homes envexo, que nascen humildes! ¡Qué vida a sua vida! ¡Qué grande é a sua alma! ¡Qué músculos sagros os seus, porque poden quebraren cal vidros os fétidas táboas en que o mundo escribe suas leises malditas, en que todos lémoxos a lei farisaica!!!!

ANTÓN VALCÁRCEL.

DE MIN PRA VOS

## A FALLA D'ESTUIOS

BASTIÁN era bon, era honrado, era espelido. Cousa qu'ollaba faguer á outro, cousa que faguía él. Era un de tantos rapanzes de moito axeitamento e disposición pra todo, que non tiña mais defeito pra compretal-o que fagusa á perfeizón, qu'a falla d'estuios.

Bastián fixera un reló de buxo con todal-as pezas. Unha verdadeira obra d'arte; e a obra non foi completa, porqu'o tal reló non andaba. Non andivo endexamáis. E por falla d'o cavilare non foi. Fallábanlle os estuios sobor da mecánica, e pol-o tanto non lle foi posibre o atinare onde habíalle de pôr os pes ó reló pra qu'o reló andivera.

Bastián fixera un aroprano co-as motores e todo. O aroprano non tiña tacha; e sin tacha nin volta, non chegou endexamáis a faguelo voar. Descoñecía os prencipios da física, e pol-o tanto atopouse desposibilitado pra lle sacare o peso qu'era mèster pra que voara. E loitou, e buscóu, e volvéruse meio tolo por lle sacare o peso. Non Non puido; o que mais lle chegaron a ofrecer foron tres pesetas... ¡Non puido sere!

Bastián fixo unha motocicleta, ben feita, completa. Fíxolle o motor con luxo de detalles. Non tiña un pero... pro, si non lle daba ós pés, cò motore non era. Pensou, cavilou, e fixo mentes de que fallábanll'os cabalos. Botouse a rir. Si pr'andare en motocicleta percisaba mercare doulos cabalos Dempós de pasalo traballo de faguela, éralle millor mercare un soio e andar á cabalo.

I-eisi d'iste xeito, canto ollaba c'ós ollos faguía co-as mans. Un día casóuse un seu compañoiro, i el por non sere menos, por non ficare debaixo, casóuse tamén. Mais no matrimonio pasóulle coma con todo; non soupo poñelo en camiño.

Ós sete anos de casado, a sua muller,

aquela santiña muller que lle dera a neno por ano, finóulle. E Bastián con sete catiños qu'os tapaba un paxe, atopouse diante do problema do reló, do aroprano, e da motocicleta. Parouse, e non tiña estuios pra terminal-o que fixo.

Ós catro días de viudés ficábanlle unha dúcia de cadelas grandes no peto do chaleque e un cadelo pequeno no palleiro.

Sentouse baixo o alpendre da casa e foichando cós zocos no chan pr'axudare ós seus cavilamentos com'os malos músicos axudan ó que tocan pra non perdere o compás, roparou n'unha pedra amarela que saía á frol de terra. Colléuna, partiu un cacho, fixó pô. Lembrándose da química da que tampouco tivo estuios, sometéuna á auga e... nada. Sometéume ó fogo e... si non fuxe axiña d'álí, acora c'ó fume que botaba e o cheiro que ll'entraba pol-a gorxa.

Perguntouelle á un seu amigo zapateiro, e aquil qu'era home entendido en moitas cousas, dixolle qu'era xofre, e que coidara de non poñelo ó fogo, pois podía morrer accorado sin o sentire.

Bastián cavilou, e dóuse unha puñada na testa qu'o fixo sentare. Aquilo era un milagre. O xofre sería a sua salvazón e a dos seus cativos.

Marchouse pr'á casa, colléu unha xerra, e foise en direitura da taberna. A dúcia de cadelas grandes que tiña mercónunas de viño, e volvérse pr'onde os seus cativos. Botou man d'unhos preódicos velllos e tapou todos rendixas e buratos das portas. Sentou os pequenos no chan, e cunca de viño vai, cunca de viño ven, puxérone paí e fillos coma odres.

Bastián mal como puido alcendéu a lareira, e a puñadas foi ceibando o xofre no lume, qu'axiña comenzou á desprenderse un fume espeso e un cheiro que tumbaba.

Bastián co-unha surrisa de satisfacción e triste ledicia de sacrificado, foise onde ós nenos e Dempós de axuntal-los ós sete n'unha forte aperta, sentouse n'unha cadeira cabo d'eles en tráxica compostura co-a chola pr'atrás, e non tardou moito en roncar com'ós pequenos, baixo o sono da tana que colleran unhos e outros co-a encantada de viño que tomaran.

Ó señor Pepe, vello petrucio d'aquele lugar, de longas e brancas barbas que lle cubrían o peito, tiña por costume o erguérrese co-as pirmeiras luces da mañán, e ó saíre da casa notou un forte cheiro descoñecido pra él, e qu'o tal cheiro proviña do fume que saía pol-a chimenea da casa de Bastián.

Inducido pol-a curiosidade mais ben que por malos pensamentos, pois coidou que Bastián andarfa nalgún novo invento, petóulle á porta. E petou de novo, e volvérse a petare, e vindo que ninguen respondía, comenzou dalle que lle das na porta até qu'o tarabelo corréuse e puido entrar.

O fitare aquel coadro na cociña, onde os nenos atopábanse en montón no chan e Bastián sentado na cadeira cós brazos caídos e a chola pr'atrás, tremóu.

Abanou a Bastián fortemente, e iste ó remate de moitos abanamentos abriu os ollos e ó fitare diante o Sr. Pepe, púxose de xionllos diante d'il i-escramóu:

—San Pedro, San Pedriño, non me negues a entrada no celo! Ben teño enxerguido qu'os suicidas non teñen entrada eiqui, mais xa ves, fallábanme estuios pra vivire, el...

—Ti toleaches hom? —interrumpéuno o Sr. Pedro.

—Toleraría, San Pedriño. Xa ve, os inventos non servíanme de nada, os fillos tamouco; o único que servíame era a muller. Traxéronma pra eiqui, i eiqui veño.

—Logo quixéchete matare? Logo o cheiro que sentín é cousa túa?... Agora me decato —dixo ollando pr'á ladeira.

Restregóu Bastián os ollos ó sentir lalar de tal xeito ó que cría San Pedro, e o decatárese que non morrera e que respiraba ben, en tanto qu'o fume seguía chimenea arriba, dirixéuse á lareira e tirando polos pelos e ollando pr'ó hoco da chimenea por onde rubía o fume, eiscramóu dorido:

—Outra falla, outra!... Tapei todal-as saídas do fume menos a saída natural...

—Pasóuche coma cós inventos.

—Pasóume coma si fixera un par de zocos pra non magoal-los pés, i esquecerme de lle poñere o pau.

—E iso coma foi, hom?

—Desengáñese señor Pepe, non lle foi outra cousa qu'a falla d'estudios, e até pra finar hay que telos. ¡Pergúntello ós médicos!

RICARDO CARBALLAL.

## Ouro castelán

**Ouro castelán**

Os parlamentarios galegos, que non representan mais que a vontade dos caciques e a orde centralista, falan da defensa d'os intenses galegos, pro tratam d'amparar ós que amocan á sesta parte dos habitantes da nosa terra.

Os galeguistas, vendo as fondas e ruinas inxusticias que os caciques que fan disputados galegos, cometan c'os labregos e os veciños das pequenas vilas, pidironles os cataláns apoio, e Rahaha falará no Congreso.

# SERÁN E NOITE

Para o primeiro poeta galego místico, Antón Valcárcel.

Pasenijo, pasenijo,  
pol-a vella correiroa,  
o carro pasa rousando  
cal s'entre o eixo e as rodas  
doente meiga esmagara.

Preto da xunta calmosa,  
a caron dos bois marelos  
d'olleadas melancóneas  
qu'abaten casi hastra o chan  
as testas qu'o xugo forza,  
camiña aguillada ô lombo  
un rapaz d'ergueita chola.

Sóbor do carro, o molime  
arrecende que da gloria,  
alongado en alta pía  
que apretullan as congostras.  
Tmbada n'él cal n'un trono,  
vai unha mociña moza  
que leva preso nos beizos  
un alalá que namora.  
Ós seus ollos mal pechados  
o ceyo do vrán asoma  
con fitares solermíños  
das dolces popilas mornas,  
que se pouzan no rapaz  
com'as abellas nas rosas.  
Seu cabelo baix'o pano,  
é cal do millo a panocha

que aloumiña o sol morrente  
c'as marilentas rayolas  
¡Que milagre de pescoco  
no abierto xubón amosal!  
¡Casi se ll'erguen os seos  
en mareira tentadora,  
cal si no peito levase  
unha niñada de pombas!  
¡Qué corpo meigo, que corpo  
antr'o molime abandona,  
traguend'o maxin lembranzas  
d'outra Ceres mitolóxica  
que no canto do coturno  
puixeran sinxelas zocas!...

Pasenijo, pasenijo,  
pol-a vella correiroa  
o carro sigue rousando  
com'unha meiga chorosa.  
Detrais dos mouros penedos  
que as ermas cumes coroan,  
n'un resprandor de fogueira  
o sol oculto se torna.  
Baixo os apaxos da brisa  
n'un bico xúntanse as follas  
d'as albrés que nos camiños  
poñen pantasmas de soma.

¡Cantade, melros, cantade,  
con meigas risadas tolas,  
os idilios das aldeias  
cheos de gracia bucólica!  
Xa brilan, vermes da noite,  
pol-o val luces de chouzas.  
Xa s'alcenderon no ceyo  
as estrelas avegosas.  
No caramillo de Pan  
os vellos sapos reloucan,  
e o *Anzelus* tende as áas  
por ribazos e congostras.  
C'o eixo doente do carro  
súbeto apagouse a ronsa.  
A y-auga bule nos regos  
cantando marmuladora,  
e nos olliños de lus  
das estrelas garimosas  
pon mil guíñadas a noite  
que é vella alcagiüeta chocha.  
Os grilos fregan nos flitros  
dos seus buratos à porta,  
mentres pol-o alto hourizonte  
vai rubindo a lua nova,  
cal fouce de prata, dina  
de raiña segadora.

E alá moi lonxe, moi lonxe,  
dolce cántiga xeórxica,  
vaise esvaindo, esvaindo,  
com'un salayo de moza...

A. VILLAR PONTE.

## Efemérides galegas

### ABRIL

Día 11

1201. Doación real ao mosteiro de Oya, da vila de Saa co'a iglesia de Erizana.

Día 12

1422. O rey Jan II, confirma o privilegio que concedeu Alfonso XI á vila de Neda en 12 de Setembre de 1344.

Día 13

1881. Morre en Madrid o almirante don Jaquin Gutiérrez de Rubalcava, Marqués de Rubalcava.

Día 14

1809. Creación do regimiento da Unión, formado por Morillo.

Día 15

1309. O rei de Castela manda ao Adiñado de Galicia que garde e faga gardar todolos privilegios que él e os reis tiñan concedido aos mosteiros de Monfero e Sobrado.

Día 16

1268. O rei Alfonso X o Sabio concede que os Vasalos de Monfero non paquen jantares ao Adiñado de Galicia.

Día 17

1788. Certame matemático celebrado en Ferrol polos individuos do corpo de Artilleiría de Marina baixo da ispección do general Arce.

Día 18

1329. O rei D. Enrique concede e confirma todolos privilegios e gracias que os reis tiñan concedido ao mosteiro de Monfero.

Día 19

1740. Combate glorioso do navío *Princesa* con outros tres navíos ingleses a 30 legoas do Ferrol.

Día 20

1794. Creación do Goberno militar e político do Ferrol.

## ¡Amnistía?...

Moi ben. ¡Amnistía pido eu; pr'o píoda pr'a todos xa que todos a necesitan. ¡Pr'a quen se pediu esa gracia?

Pediuse pr'os delitos d'imprenta; pediuse pr'os que loitan pol-o melloramento d'a suo crás; pediuse pr'os revolucionarios; mais nai-de se coidou de pedil-a pr'os labregos que por pedir pan e non querer oilos tiveron que rachar os sacos d'o grao pr'a que non morreran de fame as mulleres y-os nenos.

Nos artigos d'a ley d'amnistía, non figuran os labregos; preto está o día de poñela en vigor; os labregos irán pagar o presidio por non querer que morreran de fame as xentes probes; e se esto socede, pergunto eu ¿que farán os obreiros d'o pobo, polos obreiros d'o campo?

Se os deixades abandoados, teredes sobre de vos o mayor cárrego d'a concencia; non teredes dereito a decir que loidades pol-a humanidade, ni pol-a libertade d'home.

Esperamos de vos, que pediredes xusticia pr'os vosos irmáns, xa que queren deixalos fora d'o perdón; porque cando os sucesos d'a sua culpa, non estaban suspendidas as garantías constitucionás.

B. V.

## A TESIS NAZONALISTA

**Non hai argumentos serios contra d'ela**

*A Voz del Obrero*, pubrica no seu de-rradeiro número un pequeno artigo contestación ó que nós dixemos n'istas columnas.

Nada d'eso. Nosoutros non queremos aldraxar nin molestar a ninguén. Peitamos por ideias, e pol-o mesmo adicámonos á asíñalar contradicíos esenciaes en certos obreiros que de nós teñen falado. Pro algúns obreiros non son todolos obreiros.

Ante certas campañas que somente danse en España hai que pensar na inconscencia de moitos. E inconscencia se ve nos señoritos, inda n'aqueles de moitos anos d'estudo, pra canto mais n'algúns obreiros.

\* \* \*

Fala o artigolista do boletín do sindicalismo de que os rexionalistas e nazonalistas queremos capilliñas e non sei que mais couzas pol-o xeito.

O verbaleiro século XIX c'os seus soños individualistas que xa ninguén—home de cencia—toma en serio, trouxo unhas concepcións cosmopolitas tan absurdas com'o arcadismo aristocrático do Imperio francés. Os dous polos d'un mesmo absurdo.

¡A patria universal! A gran familia humana! A esto non se chegará endexamais senón de maneira relativa. Pero si conseguimos ainda este relativismo, terá de sere logo de que as nazonalidades naturaes sexan reconecidas. A virtualidade do rexonalismo, ou do federalismo — modalidá do rexonalismo—fixo desaparecer moitos motivos de loita. (Exemplo os Estados Unidos,

Austria Hungría, Alemania, mesma. Hastra Inglaterra pol-o que fai ás colonias.)

¡A patria universal! Vede ós homes mais refinados, mais civilizados, mais cultos do mundo—pacifistas feros, conscientes, denantes da guerra—como Anatolio France e moitos mais en Francia; ácratas coma Goriki, Kropokine, atc., en Rusia. Vede si no momento crítico fono primeiro dos seus que de todos. E siñámos homes cumes.

\* \*

Cando se demostre que pode existir un soilo idioma universal—non hai quenes falan da música, com'o si a música de xeito artificial pol-o que á signatura respeita, tivese comparanza algúna c'os linguaxes articulados?—; cando se demostre que o influxo da terra non determina carakterísticas esenciaes do home; cando se demostre que o home é causa allea á Zooloxía, entonces nós deixaremos de ser o que somos.

Poderá desaparecer o capital, comunizárese a propiedade, trunfar o socialismo mais radical, pro as agrupacións humanas naturaes han de sere sempre, a base esencial de toda organización. ¡Retrógrado, pois, o nazonalismo! Non; é o mais moderno. Xa o ven dicindo Rusia. Díño os mais *cosmopolitas* franceses que agora rectifican. Diyo a vida mesma de cada un, si ben s'ouserva.

Unha Europa nazonalista, fará a federación d'Estados que desexaba Víctor Hugo. Si o traballo de cada rexión natural ten que axeitarse ás propias carakterísticas da terra ¿quén será o tolo que soñe c'unha unifi-

cación niveladora de tod'o diferenciado dend' *ab inicio*?

E sobre d'esto falaremos moito. Sin ofendere a ninguén.

**Dos verdes anos**

I

¡Oue encantada visión! Un roxo ceo inframado en lárada pra iluminala; pasóu Ela; cantaba un ala-la-la, prendía flores no brandido seo e os paxaros calaban pra escotala.

O Ensoño foi cumprido:  
Muller, Música e Flores;  
unha garrida moza, un val florido  
e unha canción de amores.

II

Dame acá tua manciña:  
por Dios pon  
a tua man que aloumiña  
sobre do meu corazón  
que é, pro seu mal, medicina...

¡Oh que fera tentación!  
Estimara ser teu can  
pra fracerte unha treición  
e despois.. ¡lamberte a man!

III

Envío a... (para que non  
me estire as orellas.)

Collidos os dous da man,  
Cantando un val florido...  
Foi n'unha noite do vran  
(Pasóume estando dormido.)

J. I. R.

**IRMANDADE DA FALA****Novo Consello**

Na Xunta xeneral que celebróu a «Irmandade da Fala», pra elexir novo Consello e dar conta do movemento social e o estado económico, foi nomeado o siguiente:

Conselleiro primeiro: D. Luis Peña Novo.  
Segundo: D. Francisco M. Balboa.  
Segredario: D. Bernardino Varela.  
Segredario segundo: D. Manuel Yáñez.  
Tesoureiro: D. Victorino Veiga.  
Contador: D. Francisco Abelaira.

Vocales: D. Constantino Pazos Agra, don Antonio Martínez y Martínez, D. Xerardo Faraldo, D. Rafael Oxea e D. Federico Mora.

Bibliotecario: D. Johan V. Viçueira.

**PROBLEMAS D'ACTUALIDADE EN GALICIA**

**A cuestión do mainzo**

**O ferrocarril da Costa**

**O ferrocarril d'Ourense á Zamora**

**A anulación dos repartos do Consumo, arma co'a que  
o cacique amoca ós labregos**

**A responsabilidade dos causantes das tragedias  
de Ferrol e Sedes (Narón)**

**A falta de gasolina pr'as comunicacíos automistas antr'os  
pobos que non teñen ferrocarrís**

**A falta de trens rápidos**

**A falta de transportes**

**A probeza dos municipios pol-a falta d'autonomía**

# A NOSA LINGUA

I

*G*ALEGOS amade a vosa lingua porque é un rico tesouro oculto! — Amádea, faládea, cultivádea; desenterrade o tesouro que garda o gigante alarbio da tiranía.

II

Fonte de fraternidade universal únen-os os pobos da raza afín, os que teñen os mesmos verbes a mesma historia os que se espallaron polos mares en linda coroa. Fonte de fraternidade a nosa lingua será base pra unha grande Iberia. Fonte de fraternidade fará que as ideias e sentimentos humanos flujan e batan nos nosos espíritos dende remota e legendaria India, á África exhuberante e areosa e ás selvas e planicies da América; noso espírito como un deus antigo terá duas caras e ollará dous mundos.

III

Alma nosa eres tú, lingua que fuches creada na nosa historia, modo divino de expresión saído das entrañas do pobo galego. Ou! veu a nós arrecendente agarimo das canticas! Ou! veu a nós lirismo exquisito dos cancioneiros! — Vós, donas, falade de aquel geito no que como ningún-has fúchedes loubadas. ¿Onde na Iberia puxeron os poetas n'os vosos beizos mais belos cantos d'amore? ¿Onde se cantou mais intimamente á Nai das Nais á Nai María? — Donas galegas falade galego!

IV

Amade a nosa lingua, os entusiastas da nosa grandeza nacional! — O rey cercó a Sevilla; as naos soben o río e ja chegan engalahadas de flores! — Briosas van as naus de Chariño o almirante poeta das saudosas barcarolas; rompen as cadeas que pechan o Guadalquivir os primeiros, a vanguardia. E os galegos saudan a Sevilla coma sua é a fala do noroeste resoa a primeira n'as veigas sempre fecundas dos laranjais e das prateadas oliveiras!

V

Lingua, canto eterno do traballo, dos homildes, dos amigos da terra fecunda, prados verdecentes, douradas espigas e fragas rumorosas, do taller no que mil cousas giran e bruán, da mareira labore fatigosa dos que en vivianas barcas camiñan sobre as ondas escumantes. Lingua real non falsaria es tí a dos que amamos o heroísmo calado de todos los días.

VI

Galegos amade, cultivade o rico tesouro da nosa lingua! Só falándoas seredes libres ja que o home sin raza e unha abstracción. — Orgullo da raza eu vos pido! — Ser libres é selo como homes, como raza e como individuo. — E lembrádevos que di Goethe: «Só aquel que soubo conquerir cada día a sua libertade é dino de ser libre!»

VII

Palabra, tí que tes as aas cõr do iris no

ceu, vai d'alma en alma, petando á porta e dicindo: «espertade galegos os tempos son chegados!»

JOHAN VIQUEIRA.

## A vela de San Ramón

Unha casada, n-o trance más duro estaba unha vez e n-los seus berros dicía: «máis fillos non quero ter». Seu marido tristurado, pois era un home de ben, vendo o momento preciso axiña ponse a encender unha vela a San Ramón que amigo d-as madres é. Dempois que foi nado un neno, e moi contenta a muller dixo: «matade esa vela que servirá pra outra vez.»

\*\*

Ou, bendito San Ramón que milagreiro ti és, que tal faterna ás mulleres axiña fas esquencer! é tal milagre o máis grande de todolos que se ven. Dios ben fixo cando puxo n-as mulleres tal poder d'esquencer un mal tan fero, inda que non fora un ben; tan soilo o corazón d'elas asina tiña que ser.

CABO PASTOR.

(3) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

## Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

desde o lér até o insino mais outo fágase pensando no porvir do noso, e lembrándose dos seus fins na humanidade! Mais, pra isto o primeiro a reformar son os métodos que realmente constituyen o núcleo, o esenzial da escola; non un procedimento frio e pasivo senon un geito vital, entusiástico e activo é o que conven pra realizar o fin da escola, porque a vida non esperta mais que en contacto co-a vida! Trocar un método, un procedimento pol-o outro, e cambiar a pequena eficacia pedagógica pol-a grande eficacia pedagógica. A tarefa é grande mais non imposible e fixádevos, esta será a única maneira de que da escola salla unha raza forte, baruda, reja, capaz d'engrandecer o noso pobo.

Como pensar unha escola galega sen a lingua galega? — A lingua é esencial á raza; co espírito d'esta debe penetrar n'a escola e

levalo envolvente no seu seio. Mais, non sómente por isto cobizamos que s'insine na nosa fala. Hay para ilo outros motivos. ¿Non é absurdo que hoje n'as escolas rurales e nas más d'as vilas falen os mestres ós discípulos en castelao onde os rapacíos coñecen-o si o coñecen como unha lingua estrangeira? Isto é o mesmo que insinar na Castela en portugués ou en catalao. A mais singela pedagogía di-nos qu'o mestre debe chegar c'as suas palabras ao fondo da alma do neno. ¿E como podere chegar con verbes estrangeiros e incomprendidos? — Certamente non podemos pol-o d'hoje suplantar o castelao nen d'isto se trata. O que nos importa é que o galego non quede, non fique, totalmente relegado e que se estime no seu actual verdadeiro valore. E dicir: que se insine e sirva pra insinar. No momento, pra que a nosa fala entre na escola fai falla só que o mestre permita aos rapaces a expresión do seu pensamento na sua lingua, e que cando seja *inevitable*, como sucede co insino dos rapaces que comienzan a frecuentar a escola non tema empregar o galego como lingua auxiliar. Ademais teñen de levare á escola a poesía e a música popular ou cuase popular que non só

educará o senso estético do neno senón que lle mostrará unha lingua bela e pura. Convirá tamen que os rapaces escriban as suas canticas afacéndose diste geito ao uso escrito do galego. Naturalmente que temos que exigir o coñecemento do idioma local ao mestre, e aspirar a qué se decrete obrigatorio seu estudio n'as *escolas normaes*.

Fixémonos na grande importancia que ten o levar a poesía á escola toda; educación está necesitada de beleza, pois é un dos grandes factores creadores do ideal, da inspiración na vida. Nosa poesía como ningunha removería e espertaría os espíritos porque como ningunha cantou as aspiracións as dôres e as ledicias do pobo. ¡Cantas fermosas páginas hay n'ela sobre a dura sorte do emigrante, sobre a vida apacible e a labore do campo, sobre o mísero labrego, abafado, esplotado polos tiráns! Eu vos acredito que as nosas poesías espalladas por aldeas e vilas, contribuirán d'unha maneira enorme ó rejurdir do noso pobo.

Ainda que a escola non ten por misión a formazón profesional, eiqui como n'outros países debemos por necesidade do momento introducir esta n'ela. ¿Porque, que será da nosa raza si a maioría dos seus membros

## Peneirando...

Dínnos que téñse mentes de nomearre mestre da Escola laica da Cruña a un señor Carbó, eistrano á nosa terra, pospofiendo a un cristián intelixente, culto e honrado: o fillo do médico Fariña.

Doeríanos na y-alma que saíse certa a triste nova.

Porque aquela escola está subvencionada por un municipio galego.



O noso irmán Taibo, notabre poeta e os nosos correlixionarios D. Leandro e D. Xavier Pita, organizaron unhas actos galeguistas en Ponte de Mera, Cuiña, San Adrián

de Veiga e outros recunchos da formosa comarca d'Ortigueira.

N'ellos, ademais dos organizadores, tomou parte o gran orador e irmán Lois Peña Novo, conquerindo novos loureiros pr'ò seu xusto renome.

Ortigueira esperta, coma todolos povos galegos. ¡Terra a nos!



D. Leandro Pita Romero, esquirtor notable d'Ortigueira, rematou un libro, nomeado *Palabras d'un labrego*, que axiña saírá imprentado.

E un libro luminoso que ten que chamarre moito a atención das xentes.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

## Consultorio Médico-Quirúrxico

### J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral

#### ESPECIALIDADES

*Pel. (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anemia*

*Reumatismo, Artritis deformantes*

*Neuralgias, Arterio-esclorosis*

*Parálisis*

*Electroterapia, Aeroterapia, Suepoterapia, Análisis*

#### RAYOS X

*Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12*

*Tratamentos á prezos e horas convencionadas*

*Non se fal asistencia os fogares*

*Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavia)*

### A CRUÑA

## BALDOMIR

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

### ¡GUERRA AOS GALLOS!

Callos, sabaños e ollos de galo  
cúranse co

### Bálsamo Oriental

Prémiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.  
Representante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

### ICANAS Á FORAI

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

### Aceite del Serrallo

— Y —

### La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos Trabucantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Representante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

## Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en libertade de darlle calquer *sustituto ou imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo **SELLO YER**, e si outro calquera, cuios efectos serán sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

*Pida, eisixa vosté sempre o*

### SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos,

**Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.**

**Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.**

DE VENDA EN TODALAS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así como sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAVADO

BARRERA, 7



Teléf. 434

A CRUÑA

#### NOVO LIBRO

### Da Terra asohallada

POESÍAS

DE  
Ramón Cabanillas



De venda en todalas librerías e na administración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

## FRÁBICA MECÁNICA

### DE CALZADO

— DE —

## ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, cofiac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACIÓN REXIONAL  
(2.ª EDICIÓN)

Librío ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuiños e opiniós de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Anón Villar Ponte.

Véndense a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á mitade do prezo sinalado.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicíos ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas****DE****Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA****DE****Ramón Morandeira**

Este espródigo establecemento, situado no mais céntrico d'a poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela****CIRCO, 16-BAIXO-VIGO****FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lás de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de todal-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA****FARMACIA «A SILVA»**

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

**DEPÓSITO**

do Purgante ideial xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

Nesta casa háchanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acréscido Laboratorio de Gonzalo Formiguera.

**GARANTANSE OS PROPARADOS**

Silva d'Abaixo, 17 **A CRUÑA**

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**


véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LÍNEA DE HABANA E VERACRÚS**

Prezo en terceira á Habana . . . . .	Ptas. 298'60
» , , Veracruz . . . . .	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto todal-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.